

Galicia Design Weekend

O Galicia Design Weekend acolle a fin de semana máis dunha vintena de actividades con profesionais do deseño galego e internacional

- Todas as entradas presenciais están esgotadas para a programación do venres e o sábado na Fundación Barrié da Coruña, que se poderá ver tamén online

A Coruña, mércores 28 xullo 2021

O Galicia Design Weekend, **festival de deseño** pioneiro na comunidade, acollerá este **venres 30 e sábado 31 de xullo na Coruña** máis dunha vintena de actividades con **proxeccións, exposicións, charlas e conferencias** impartidas por profesionais de referencia do sector chegados de toda Galicia e de cidades como Madrid, Barcelona, Bilbao, Valencia ou Amsterdam. Todas as entradas físicas están xa esgotadas, pero a programación poderá seguirse tamén en formato online.

Tanto o venres coma o sábado, dentro do **GDW Pro**, o público poderá gozar dun amplo programa no auditorio da Fundación Barrié entre as 10:00 e as 20:00 de xeito presencial ou online a través da web www.gdw.gal. O **venres**, a arquitecta **Joana Covelo**, do estudo Castroferro de Vigo, abrirá a xornada ás 10:00. Ás 10:30, a **Axencia Galega de Innovación (GAIN)** presentará o seu programa Diferenza 2021-2024, e ás 11:15 será o turno do estudio de deseño e comunicación **Cenlitrosmetrocadrado**, de Compostela. Pecharán a mañá a partir das 12:30 o estudo coruñés **FrutoDS**, dedicado ao deseño de produto, a a deseñadora industrial viguesa **Amalia Puga**.

Xa pola tarde, proxectarase de 16:00 a 17:15 o documental **Rams** sobre Dieter Rams, un dos deseñadores vivos máis influíntes, dentro do #GDWdocs, documentais seleccionados pola Asociación Galega de Deseño (DAG). **Fuertes Penedo**, arquitectos da Coruña e Vigo, terán o seu turno a partir das 17:15. Xusto despois, ás 18:30, dará comezo a conversa **“Ensinar deseño”**, moderada por **Lola Dopico** (ESDEMGA), con **Nico Cevallos** (Acid House) e **Ana Gea** (Revista Gràffica). Precisamente **Gràffica**, de Valencia, pechará a xornada de tarde de 19:15 a 20:00.

O **sábado** ás 10:00, a intro será do deseñador coruñés **David Silvosa**. Posteriormente será o turno da fotógrafa bilbaína **Nerea Garro**. Continuarán a partir das 11:15 os madrileños **Ben Castro**, director de arte de Nike en Ámsterdam, e **Coco Dávez**, directora de arte e ilustradora. E pechará a mañá a deseñadora dixital pontevedresa **Marta Verde**, que rematará ás 14:00.

Xa na tarde do sábado, o documental #GDWdocs seleccionado pola DAG que se proxectará na sala é **Objectified**, que trata sobre a nosa complexa relación cos obxectos de deseño que nos rodean. Ao remate da proxección será o turno de **Folch Studio**, axencia de branding e audiovisual de Barcelona. Ás 18:30 comezará a conversa “**O Valor do Deseño**”, moderada por **Dani Bembibre**, do estudo coruñés Costa, con **María Ramos**, tipógrafa e xerente da DAG, e **Cechu Pérez**, da Secretaría Xeral de Medios da Xunta de Galicia. Rematará a xornada do sábado, de 19:15 a 20:00, **Marco Oggian**, director de arte italiano afincado na Coruña.

A web www.gdw.gal recolle toda a información sobre o festival #GDW21, que ademais conta cunha **app** propia que terá contidos durante todo o ano e servirá como plataforma de relación da comunidade GDW: público, colectivo creativo, institucións, patrocinadoras, socias e organización.

Ademais das charlas, conferencias e proxeccións do **Pro**, o festival ten outros tres eixos: un deles é o **Showcase**, con dúas exposicións dedicadas ao deseño que estarán desde o 30 de xullo e ata o 29 de agosto na Fundación Barrié (**#omellordeseñodoano**) e desde principios de agosto ata tamén o 29 nos Cantóns (**#novodeseñogalego**, con iluminación do novo estudio coruñés Kora). Pola súa banda, o **Showroom** será un escaparate dixital de creacións e espazos de deseño galegos na web do festival. E no **Creative Camp** estudantes e mozas e mozos profesionais do deseño poderán amosar o seu traballo a profesionais do sector nun **portfolio review online**, para o que deberán contactar co festival enviando un correo a gdw@follow.gal.

Este Galicia Design Weekend, cun **formato reducido de fin de semana, marca o camiño cara ao primeiro gran festival do deseño de Galicia, o Galicia Design Week, que terá lugar en xuño de 2022** e que se incluírá no circuito de citas internacionais de cidades como Barcelona, Londres, Nova York ou México.

O festival conta cun **consello asesor** formado por profesionais de referencia de Galicia e está **organizado** pola axencia Follow e o Clúster da Comunicación de Galicia, coa Asociación Galega de Deseño (DAG) como **socia**. As institucións **patrocinadoras** son a Xunta de Galicia, a través do Fondo de proxectos culturais Xacobeo 2021-2022 e da colaboración da Axencia Galega de Innovación (GAIN), o Consorcio de Turismo e Congresos da Coruña e a Deputación da Coruña. Tamén **colaboran** co festival a Fundación Barrié, a Fundación Luis Seoane, a Fundación DIDAC, Studio Follow, o FAD, DICE, Verde e Miraveo.